

## Normativa de referencia

*“O Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal, cunha rede en todo o territorio do Estado, analiza a situación e tendencias do mercado de traballo e a situación da formación para o emprego, en colaboración coas Comunidades Autónomas.”*

Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Emprego.

*“O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, a través do Observatorio do Servizo Público de Emprego Estatal, en coordinación e cooperación coas Comunidades Autónomas no exercicio das súas competencias, a través da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, e dos axentes sociais, a través do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, desenvolverá unha función permanente de prospección e detección de necesidades formativas do sistema produtivo...”*

Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no eido laboral.

Real Decreto 694/2017, de 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015.

Al Servei Públic d'Ocupació Estatal (SEPE) treballam en col·laboració amb les Comunitats Autònomes per facilitar gestions relatives a l'ocupació, tant a la ciutadania com a les empreses.

## Que é o Observatorio das Ocupacións?

O Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal, orgánicamente adscrito a unha Área da SGEI dos Servizos Centrais do SEPE, componse dunha rede que se estende en todo o territorio nacional, cuxa estrutura central dirixe, organiza, planifica e axusta os traballos dos técnicos expertos en mercado de traballo das 52 Direccións Provinciais do SEPE.

Realiza informes e análises de mercado de traballo, empregando técnicas cuantitativas e cualitativas nos diferentes eidos xeográficos (estatal, autonómico, provincial e municipal), cunha actualización permanente dos indicadores sociolaborais.

A rede do Observatorio das Ocupacións do SEPE, nas súas actividades de prospección e detección de necesidades formativas, informa dos cambios que se producen nas actividades económicas e ocupacións para anticiparse e responder aos retos e requirimentos que o mercado laboral demanda. Esta rede está organizada en grupos de traballo que se complementan conseguindo unha interrelación entre as metodoloxías e os produtos elaborados.

Para contactar co Observatorio en Servizos Centrais:

[observatorio.ocupacional@sepe.es](mailto:observatorio.ocupacional@sepe.es)

Para contactar coas Direccións Provinciais:

[observatorio.nombredetuprovincia@sepe.es](mailto:observatorio.nombredetuprovincia@sepe.es)

NIPO PDF: 274-17-076-3 NIPO PAPEL: 274-17-124-1 DEPÓSITO LEGAL: M-34053-2017  
Catálogo de Publicaciones de la Admón. Gral. del Estado: <http://publicacionesoficiales.boe.es>  
Esta publicación oficial del SEPE se edita en castellano y en las lenguas cooficiales del Estado

Para máis información:

**Servizo Público de Emprego Estatal**

[www.sepe.es](http://www.sepe.es)

901 11 99 99

(Tamén dispoñíbeis [números provinciais](#))



# Observatorio das Ocupacións do Servizo Público de Emprego Estatal

[www.sepe.es](http://www.sepe.es)  
*Traballamos para ti*



## Proporciona información actualizada do mercado de traballo

Coa finalidade de mellorar a empregabilidade dos traballadores e contribuír a unha maior competitividade da empresa, a través de:

- ✓ A información da situación das ocupacións e das titulacións no mercado de traballo, para que o usuario poida contrastala co seu propio perfil profesional.
- ✓ A prospección e detección de necesidades formativas, dando a coñecer novas competencias laborais para facilitar aos candidatos o acceso ao sempre cambiante mercado de traballo.

Entra na web do SEPE ([www.sepe.es](http://www.sepe.es)), no apartado OBSERVATORIO.



Esta información está dirixida a todos os cidadáns e tamén a:

- ✓ orientadores laborais e educativos,
- ✓ axentes de emprego e de formación que traballan nos campos da intermediación laboral e a programación da formación e responsables de selección de persoal das empresas,
- ✓ axentes sociais,
- ✓ investigadores universitarios e analistas do mercado de traballo,
- ✓ responsables en materia de emprego.

## Que estuda o Observatorio das Ocupacións do SEPE?

- ✓ Os cambios que se producen no mercado de traballo pola incorporación de innovacións, tanto tecnolóxicas como organizativas, necesarios para avanzar en competitividade e modernización, que modifican os contidos das ocupacións.
- ✓ As necesidades formativas dos traballadores e os requirimentos profesionais demandados polas empresas, coa finalidade de contribuír á orientación profesional e a adecuación da oferta formativa ás mesmas.
- ✓ A tendencia nos sectores de actividade, nos territorios e nos colectivos ante o emprego: novos, maiores de 45 anos, mulleres, persoas con discapacidade, estranxeiros.
- ✓ A mobilidade xeográfica da contratación dos traballadores.



## Que produtos podes atopar en [www.sepe.es](http://www.sepe.es)?

### ANUAIS / TRIMESTRAIS / MENSUAIS:

- ✓ Informes de Mercado de Traballo, eido estatal e provincial (anuais).
- ✓ Informes de Mercado de Traballo de colectivos de interese para o emprego, eido estatal e provincial (anual).
- ✓ Boletín de Mercado de Traballo municipal (anual).
- ✓ Fichas de Ocupacións e Actividades Económicas con Tendencia Positiva na Contratación, eido estatal e provincial (anuais/mensuais).
- ✓ Fichas de Mercado de Traballo dos Titulados Universitarios e de Formación Profesional (anuais/mensuais).
- ✓ Fichas de Mercado de Traballo das Ocupacións (anuais/mensuais).
- ✓ DBM. Datos Básicos de Mobilidade: Contratación e Mobilidade Xeográfica dos Traballadores en España, eido estatal, autonómico e provincial (anuais/trimestrais).
- ✓ BTM. Boletín trimestral de Mercado de Traballo, eido estatal, autonómico e provincial (trimestral).
- ✓ Os Perfís da Oferta de Emprego (anual).

### OUTROS INFORMES DE MERCADO DE TRABALLO:

- ✓ O Mercado de Traballo e a Mobilidade Laboral entre España e Portugal.
- ✓ Servizos Europeos de Emprego (EURES).

## ESTUDOS PROSPECTIVOS DE SECTORES ECONÓMICOS EN ESPAÑA:

- ✓ Comercio minorista
- ✓ Bens de equipo
- ✓ Servizos Avanzados ás Empresas nas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC)
- ✓ Loxística. Xestión da cadea de subministración
- ✓ Hortofrutícola
- ✓ Automoción
- ✓ Enerxías renovables



## Últimos estudos

### Os PERFÍS DA OFERTA DE EMPREGO

Información sobre as competencias que requiren as empresas para cubrir os seus postos de traballo, nas ofertas que publican nos distintos portais de Internet.

### INFORME DE PROSPECCIÓN E DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS 2017

Contén as ocupacións con mellor situación no mercado de traballo e un diagnóstico das súas necesidades formativas actuais (estatal e territorial) e de tendencias e previsións que permiten identificar os obxectivos de atención prioritaria na programación da oferta formativa.